

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 01 de febreiro de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 21 de decembro de 2021 e á sesión extraordinaria do 13 de xaneiro de 2022.
- * Aprobación da convocatoria de eleccións a representantes no Claustro Universitario.
- * Aprobación da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2022/23.
- * Aprobación dos criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2022/23.
- * Aprobación do teito de horas destinadas a actividades de xestión e apoio nos centros/campus para o curso 2022/23.
- * Aprobación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondente á OEP do ano 2021 (Plan Promoción CG 20/03/2019) e creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade correspondente á OEP do ano 2021 (Plan Promoción CG 20/03/2019) e creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de profesorado Contratado Doutor ocupadas interinamente correspondente á OEP do ano 2021 (Plan Promoción CG 27/10/2021) e creación das prazas correspondentes.
- * Aprobación da suspensión do contrato de traballo de D. Xabier García Martínez.
- * Ratificación do acordo do Comité de Dirección da EIDO, de modificación do artigo 38 do Regulamento de Estudos de Doutoramento.
- * Aprobación das modificacións no regulamento de persoal investigador visitante.
- * Aprobación do regulamento de réxime interno do CINBIO.
- * Aprobación do regulamento de réxime interno do departamento de organización de empresas e marketing.
- * Aprobación da modificación da norma 4 1 k) do procedemento para tramitar e aprobar convenios.
- * Aprobación do modelo de convenio de colaboración educativa entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e unha entidade externa para realizar prácticas académicas externas do estudiantado de todos os mestrados interuniversitarios do SUG.
- * Aprobación do modelo de convenio específico de colaboración para realizar traballos de fin de estudo (grao ou mestrado) entre a Universidade de Vigo e unha entidade externa.

- * Nomeamento de dous representantes na Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo:
 - 1 PDI : Marta García Mosquera
 - 1 estudante: José Luís Pérez Martínez

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.